

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	San Clemente	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0615	Deseño de interfaces web	2023/2024	6	157	188

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	DAVID GARCÍA CHAVES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A programación didáctica se desenvolve seguindo as prescricións de:

1. O Real Decreto 109/2011, do 12 de maio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións web do decreto base do título (Real Decreto 686/2010, de 20 de mayo).
2. o Decreto 109/2011 do 12 de maio (DOG 14 de xuño de 2011), que establece o currículo do ciclo para Galicia.

As persoas con este perfil profesional exercen a súa actividade en empresas ou entidades públicas ou privadas, por conta allea ou por conta propia, e desempeñan o seu traballo na área de desenvolvemento de aplicacións informáticas relacionadas con contornas web (intranet, extranet e internet).

A competencia xeral deste título consiste en desenvolver, implantar e manter aplicacións web, con independencia do modelo empregado e utilizando tecnoloxías específicas, garantindo o acceso aos datos de xeito seguro e cumprindo os criterios de accesibilidade, usabilidade e calidade esixidos nos estándares establecidos.

O desenvolvemento curricular deste módulo profesional fíxose tomando como referencia o IES San Clemente que cumpre as condicións establecidas pola L.O.E. e os Reais Decretos que a desenrolan en canto a espazos, instalacións, alumnado, etc.

Ao tratarse dun módulo a distancia non se pode contextualizar para un entorno concreto xa que en Galicia temos innumerables empresas de deseño e desenvolvemento web e empresas que dispoñen de persoal adicado a estas tarefas. Calquera destas empresas poderá acoller á gran maioría do alumnado do ciclo para a Formación en Centros de Traballo coa posibilidade de que posteriormente este alumnado poida desenvolver a súa carreira profesional.

O alumnado reside na súa maioría na provincia de A Coruña, pero tamén temos alumnado de fora da provincia. Son todos maiores de idade, e a gran maioría deles traballan.

Dende o ámbito sociocultural o alumnado procede na súa maioría de familias de clase media traballadora: por conta allea, autónomos e de sector servizos.

O alumnado que remate este ciclo formativo serán profesionais que exercerán a súa actividade na área de desenvolvemento de aplicacións webs.

A FORMACIÓN DO MÓDULO CONTRIBÚE A ACADAR AS COMPETENCIAS:

- e) Desenvolver aplicacións web con acceso a bases de datos utilizando linguaxes, obxectos de acceso e ferramentas de mapeamento adecuados ás especificacións.
- g) Desenvolver interfaces en aplicacións web de acordo cun manual de estilo, utilizando linguaxes de marcas e estándares web.
- h) Desenvolver compoñentes multimedia para a súa integración en aplicacións web, empregando ferramentas específicas e seguindo as especificacións establecidas.
- i) Integrar compoñentes multimedia na interface dunha aplicación web, realizando a análise de interactividade, accesibilidade e usabilidade da aplicación.

- m) Completar plans de probas e verificar o funcionamento dos compoñentes de software desenvolvidos, segundo as especificacións.
- n) Elaborar e manter a documentación dos procesos de desenvolvemento, utilizando ferramentas de xeración de documentación e control de versións.
- u) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade, de accesibilidade universal e de deseño para todos, nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

AS OCUPACIÓNS PARA AS QUE FORMA O MÓDULO SON:

1. Programadora web.
2. Programadora multimedia.
3. Desenvolvedora de aplicacións en contornos web.

PROSPECTIVA DO TITULO NO SECTOR

1. Dirixímonos cara a unha sociedade do coñecemento na que o recurso básico é o saber e onde a vontade de aplicar coñecemento se dirixe a xerar máis coñecemento, e iso obriga a realizarmos un elevado esforzo de sistematización e organización da información para podermos compartila adecuadamente.
2. Nesta liña, é fundamental o desenvolvemento de plataformas multidisciplinares e a definición do modelo para compartir e organizar de xeito seguro a información contida nelas.
3. A formación adquire cada vez máis importancia en sociedades altamente desenvolvidas, e os rápidos avances e cambios tecnolóxicos do sector fan que se demanden profesionais cunha actitude favorable cara á autoformación.
4. O perfil profesional deste título evoluciona cara a unha maior integración dos sistemas de xestión e intercambio de información baseados en tecnoloxías web, e é preciso que cada vez sexan máis estables e seguros. Para este perfil adquire especial importancia asegurar a integridade, a consistencia e a accesibilidade dos datos.
5. Asegurar a funcionalidade e a rendibilidade do sistema informático, servindo de apoio ao resto de departamentos dunha organización, é un aspecto cada vez máis salientable para este perfil profesional.
6. Aspectos tales como a sindicación de contidos, mashup de datos ou construción de novos servizos, entre outros, están a cambiar a orientación do sector cara ao usuario e non cara aos contidos.
7. As tecnoloxías implicadas no desenvolvemento e a súa rápida evolución apuntan a profesionais en constante actualización, o que se constitúe nunha das características fundamentais deste perfil.
8. As tarefas de tratamento e transferencia de datos e información deberánse realizar conforme a normativa que regula tales aspectos.
9. A teleoperación, a asistencia técnica remota, a asistencia en liña e os telecentros configúranse como un elemento imprescindible na resposta á demanda de asistencia técnica.

10. O emprego comercial de aplicacións web é actualmente unha realidade imparabile, o que fai aumentar rapidamente o número de transaccións realizadas por este medio. Isto orixina un maior volume na información transferida e obriga ao aseguramento dos sistemas, das transaccións e da custodia de datos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Introducción ao deseño dunha interface web	Principios, planificación, accesibilidade e UX (User eXperience) aplicado ás interfaces web	42	10
2	Estrutura dunha interface web: HTML5	Como utilizar HTML5 para estruturar un deseño web	26	10
3	Apariencia dunha interface web: introducción ao CSS3	Introducción as follas de estilo (CSS) e ao estándar CSS3	12	10
4	Apariencia dunha interface web: maquetación CSS ou CSS Layout	Uso de Floats, Flexbox e Grid para maquetar un deseño web	30	20
5	Interactividade mediante frameworks CSS: introducción a TailwindCSS	Primeiros pasos co framework CSS Tailwind	18	15
6	Elementos multimedia: imaxes, vídeo (e audio), animacións	Uso de imaxes, vídeo (e audio) e animacións no deseño web	36	20
7	Interactividade mediante frameworks CSS: TailwindCSS e Tailwind Elements	Reutilización no deseño usando a librería de compoñentes Tailwind Elements para TailwindCSS	24	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Introducción ao deseño dunha interface web	42

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica a creación dunha interface web, para o que valora e aplica especificacións de deseño.	NO
RA5 - Desenvolve interfaces web accesibles, para o que analiza as pautas establecidas, aplicando técnicas de verificación.	NO
RA6 - Desenvolve interfaces web amigables, para o que analiza e aplica as pautas de usabilidade establecidas.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñeceuse a importancia da comunicación visual e os seus fundamentos.
CA1.2 Analizáronse e seleccionáronse as cores e as tipografías adecuadas para a súa visualización en pantalla.
CA1.3 Analizáronse alternativas para a presentación da información en documentos web.
CA1.4 Valorouse a importancia de definir e aplicar a guía de estilo no desenvolvemento dunha aplicación web.
CA1.8 Recoñeceuse e valorouse a importancia da optimización para motores de búsqueda (SEO)
CA5.1 Recoñeceuse a necesidade de deseñar webs accesibles.
CA5.2 Analizouse a accesibilidade de diversos documentos web.
CA5.3 Identificáronse as principais pautas de accesibilidade ao contido.
CA5.4 Analizáronse os posibles erros segundo os puntos de verificación do nivel de conformidade.
CA5.6 Verificáronse os niveis alcanzados de accesibilidade web mediante o uso de tests.
CA5.6.1 Verificáronse os niveis alcanzados de accesibilidade web mediante o uso de tests de usuario,
CA5.7 Verificouse a visualización e accesibilidade da interface con diversos navegadores e tecnoloxías.
CA6.1 Valorouse a importancia do uso de estándares na creación de documentos web.
CA6.2 Analizáronse técnicas para verificar a usabilidade dun documento web.
CA6.3 Analizouse a usabilidade de diversos documentos web.
CA6.4 Verificouse a facilidade de navegación dun documento web mediante diversos periféricos.
CA6.4.1 Verificouse a facilidade de navegación dun documento web mediante diversos dispositivos.
CA6.5 Verificouse a usabilidade da interface web creada en diversos navegadores e tecnoloxías.

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>SEO (Search Engine Optimization)</p> <p>Elementos do deseño: textura, cor, tipografía e iconas. Percepción visual.</p> <p>Interacción entre persoa e computador.</p> <p>Interpretación de guías de estilo: elementos.</p> <p>WCAG (Web Content Accessibility Guidelines): directrices de accesibilidade para o contido web.</p> <p>Accesibilidade web.</p> <p>Principios xerais de deseño accesible.</p> <p>Pautas de accesibilidade ao contido na web.</p> <p>Técnicas para satisfacer os requisitos definidos na accesibilidade ao contido web. Prioridades, puntos de verificación e niveis de conformidade.</p> <p>Métodos para realizar revisións preliminares e avaliacións de adecuación ou conformidade de documentos web.</p> <p>Ferramentas de análise de accesibilidade web.</p> <p>Comprobación da accesibilidade web desde diferentes navegadores.</p> <p>Concepto de usabilidade de documentos web.</p> <p>0 Navegación doadamente lembrada fronte a navegación redescuberta.</p> <p>Facilidade de navegación na web.</p> <p>Verificación da usabilidade en diversos navegadores e tecnoloxías.</p> <p>Técnicas de análise da usabilidade de documentos web.</p> <p>Ferramentas e tests de verificación da usabilidade de documentos web.</p> <p>Identificación do obxectivo da web.</p> <p>Tipos de usuario.</p> <p>Barreiras identificadas polos usuarios.</p> <p>Información doadamente accesible.</p> <p>Velocidade de conexión.</p> <p>Importancia do uso de estándares.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Estrutura dunha interface web: HTML5	26

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica a creación dunha interface web, para o que valora e aplica especificacións de deseño.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Utilizáronse e valoráronse aplicacións para o deseño de documentos web.
CA1.6 Utilizáronse marcos, táboas e capas para presentar a información de xeito ordenado.
CA1.6.1 Utilizáronse etiquetas semánticas HTML5 para estruturar de xeito ordenado unha interface web.
CA1.7 Creáronse e utilizáronse patróns de deseño.

4.2.e) Contidos

Contidos
codepen.io VS Code HTML5 semántico Xeración de documentos e sitios web. Compoñentes dunha interface web. Aplicacións para desenvolvemento web. Linguaxes de marcas. Mapa de navegación. Prototipos. Maquetación web. Elementos de ordenación. Patrón de deseño.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Apariencia dunha interface web: introducción ao CSS3	12

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Crea interfaces web homoxéneas, para o que define e aplica estilos.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Recoñecéronse as posibilidades de modificar as etiquetas HTML.
CA2.2 Definíronse estilos de xeito directo.
CA2.3 Definíronse e asociáronse estilos globais en follas externas.
CA2.4 Definíronse follas de estilos alternativas.
CA2.5 Redefiníronse estilos.
CA2.6 Identificáronse as propiedades de cada elemento.
CA2.7 Creáronse clases e identificadores de estilos.
CA2.8 Utilizáronse ferramentas de validación de follas de estilos.
CA2.9 Utilizouse e actualizouse a guía de estilo.

4.3.e) Contidos

Contidos
Estilos en liña baseados en etiquetas e en clases.
Creación e vinculación de follas de estilo en cascada. Follas de estilo auditivas.
Follas de estilo para imprimir.
Ferramentas e test de verificación.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Apariencia dunha interface web: maquetación CSS ou CSS Layout	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Crea interfaces web homoxéneas, para o que define e aplica estilos.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
0CA2.10 Recoñécóronse e analizáronse as tecnoloxías relacionadas coa maquetación CSS (CSS layout).
CA2.11 Analizáronse interfaces web maquetadas usando a propiedade CSS float.
CA2.12 Maquetáronse interfaces utilizando Flexbox.
CA2.13 Maquetáronse interfaces utilizando Grid.

4.4.e) Contidos

Contidos
Floats Flexbox. Grid Layout.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Interactividade mediante frameworks CSS: introducción a TailwindCSS	18

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Crea interfaces web homoxéneas, para o que define e aplica estilos.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.14 Recoñecéronse e analizáronse os frameworks CSS máis populares.
CA2.15 Analizáronse as vantaxes e desvantaxes da utilización de frameworks CSS no deseño de interfaces web.
CA2.16 Utilizáronse estilos proporcionados por un framework CSS.
CA2.17 Maquetáronse interfaces utilizando as implementacións proporcionadas por un framework CSS.

4.5.e) Contidos

Contidos
TailwindCSS.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Elementos multimedia: imaxes, vídeo (e audio), animacións	36

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Prepara ficheiros multimedia para a web, para o que analiza as súas características, manexando ferramentas específicas.	SI
RA4 - Integra contido multimedia en documentos web e valora a súa achega, para o que selecciona adecuadamente os elementos interactivos.	NO
RA5 - Desenvolve interfaces web accesibles, para o que analiza as pautas establecidas, aplicando técnicas de verificación.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Recoñécéronse as implicacións das licenzas e dos dereitos de autor no uso de material multimedia.
CA3.2 Identificáronse os formatos de imaxe, audio e vídeo que cumpra utilizar.
CA3.2.1 Identificáronse os formatos de imaxe que cumpra utilizar.
CA3.2.2 Identificáronse os formatos de vídeo (e audio) que cumpra utilizar.
CA3.3 Analizáronse as ferramentas dispoñibles para xerar e manipular contido multimedia.
CA3.3.1 Analizáronse as ferramentas dispoñibles para xerar e manipular imaxes.
CA3.3.2 Analizáronse as ferramentas dispoñibles para xerar e manipular vídeo (e audio).
CA3.3.3 Analizáronse as ferramentas dispoñibles para xerar e manipular animacións.
CA3.4 Empregáronse ferramentas para o tratamento dixital de imaxes.
CA3.5 Utilizáronse ferramentas para manipular audio e vídeo.
CA3.6 Realizáronse animacións a partir de imaxes fixas.
CA3.7 Importáronse e exportáronse imaxes, audio e vídeo en diversos formatos, segundo a súa finalidade.
CA3.7.1 Importáronse e exportáronse imaxes en diversos formatos, segundo a súa finalidade.
CA3.7.2 Importouse e exportouse vídeo (e audio) en diversos formatos, segundo a súa finalidade.
CA3.8 Aplicáronse guías de estilo para adaptar ficheiros multimedia para a web.
CA4.1 Recoñécéronse e analizáronse as tecnoloxías relacionadas coa inclusión de contido multimedia e interactivo.
CA4.1.1 Recoñécéronse e analizáronse as tecnoloxías relacionadas coa inclusión de imaxes.
CA4.1.2 Recoñécéronse e analizáronse as tecnoloxías relacionadas coa inclusión de vídeo (e audio).

Criterios de avaliación
CA4.1.3 Recoñecéronse e analizáronse as tecnoloxías relacionadas coa inclusión de animacións.
CA4.2 Identifícaronse as necesidades específicas de configuración dos navegadores web para soportar contido multimedia e interactivo.
CA4.2.1 Identifícaronse as necesidades específicas de configuración dos navegadores web para soportar imaxes.
CA4.2.2 Identifícaronse as necesidades específicas de configuración dos navegadores web para soportar vídeo (e audio).
CA4.2.3 Identifícaronse as necesidades específicas de configuración dos navegadores web para soportar animacións.
CA4.3 Utilizáronse ferramentas gráficas para o desenvolvemento de contido multimedia interactivo.
CA4.3.1 Utilizáronse ferramentas gráficas para o desenvolvemento de imaxes.
CA4.3.2 Utilizáronse ferramentas gráficas para o desenvolvemento de vídeo (e audio).
CA4.3.3 Utilizáronse ferramentas gráficas para o desenvolvemento de animacións.
CA4.5 Agregáronse elementos multimedia a documentos web.
CA4.5.1 Agregáronse imaxes a documentos web.
CA4.5.2 Agregouse vídeo (e audio) a documentos web.
CA4.5.3 Agregáronse animacións a documentos web.
CA4.7 Verifícase o funcionamento dos elementos multimedia e interactivos en distintos navegadores.
CA4.7.1 Verifícase o funcionamento das imaxes en distintos navegadores.
CA4.7.2 Verifícase o funcionamento do vídeo (e audio) en distintos navegadores.
CA4.7.3 Verifícase o funcionamento das animacións en distintos navegadores.
CA5.5 Alcanzouse o nivel de conformidade desexado no deseño de webs accesibles.
CA5.5.1 Consideráronse e deseñáronse webs con imaxes accesibles.
CA5.5.2 Consideráronse e deseñáronse webs con vídeo (e audio) accesible.
CA5.5.3 Consideráronse e deseñáronse webs con animacións accesibles.

4.6.e) Contidos

Contidos
Tipos e formatos de imaxes máis axeitados para a web.
Dereitos da propiedade intelectual: licenzas, lei da propiedade intelectual e dereitos de autor.
Software para crear e procesar imaxes. Optimización de imaxes para a web.
Audio: formatos e conversións (exportar e importar).
Vídeo: codificación de vídeo, formatos e conversións (exportar e importar).

Contidos

Animacións. Animación de imaxes e texto.

Integración de audio e vídeo nunha animación.

Elementos multimedia e interactivos.

Soporte de contido multimedia e interactivo nos navegadores web.

Comportamentos dos elementos multimedia e interactivos.

Ferramentas gráficas para o desenvolvemento de contido multimedia interactivo.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Interactividade mediante frameworks CSS: TailwindCSS e Tailwind Elements	24

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Crea interfaces web homoxéneas, para o que define e aplica estilos.	NO
RA4 - Integra contido multimedia en documentos web e valora a súa achega, para o que selecciona adecuadamente os elementos interactivos.	NO
RA6 - Desenvolve interfaces web amigables, para o que analiza e aplica as pautas de usabilidade establecidas.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.18 Recoñeceranse e analizaranse librerías de compoñentes para frameworks CSS
CA2.19 Utilizáronse compoñentes de librerías nas interfaces web
CA4.1 Recoñeceranse e analizaranse as tecnoloxías relacionadas coa inclusión de contido multimedia e interactivo.
CA4.1.4 Recoñeceranse e analizaranse as tecnoloxías relacionadas coa inclusión de contido interactivo.
CA4.2 Identifícaronse as necesidades específicas de configuración dos navegadores web para soportar contido multimedia e interactivo.
CA4.2.4 Identifícaronse as necesidades específicas de configuración dos navegadores web para soportar contido interactivo.
CA4.3 Utilizáronse ferramentas gráficas para o desenvolvemento de contido multimedia interactivo.
CA4.3.4 Utilizáronse ferramentas gráficas para o desenvolvemento de contido interactivo.
CA4.4 Analizouse o código xerado polas ferramentas de desenvolvemento de contido interactivo.
CA4.6 Engadiuse interactividade a elementos dun documento web.
CA4.7 Verificouse o funcionamento dos elementos multimedia e interactivos en distintos navegadores.
CA4.7.4 Verificouse o funcionamento dos elementos interactivos en distintos navegadores.
CA6.6 Modificouse a interface web para a adecuar ao obxectivo que persiga e aos usuarios a quen vaia dirixida.
CA6.6.1 Desenvolveuse unha interface web adecuada ao obxectivo perseguido e aos usuarios a quen vaia dirixida.

4.7.e) Contidos

Contidos
Tailwind Elements
Elementos multimedia e interactivos.
Comportamentos dos elementos multimedia e interactivos.

Contidos

Ferramentas gráficas para o desenvolvemento de contido multimedia interactivo.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

** UNIDADES DIDACTICAS (UD) e PROBAS PRESENCIAIS **

Esta programación didáctica (PD) está deseñada e temporizada para que na proba presencial no centro do:

- 1º trimestre (1T) se avalíen os CA correspondentes ás UD1 e UD2.
- 2º trimestre (2T) se avalíen os CA correspondentes ás UD3, UD4 e UD5.
- 3º trimestre (3T) se avalíen os CA correspondentes ás UD6 e UD7.

** PROBA PRESENCIAL TRIMESTRAL. *

A proba presencial trimestral deseñarase de tal xeito que respecte os pesos relativos de cada UD do apartado 3 da PD, de xeito transparente para o alumnado.

** SUPERAR a PROBA PRESENCIAL TRIMESTRAL **

Para superar a avaliación dun trimestre debe acadarse como mínimo un 5 sobre 10 na proba presencial trimestral a levar a cabo no centro.

** ENTREGA de ACTIVIDADES **

A entrega das actividades propostas durante o curso non repercute en ningunha das notas do módulo. As actividades son opcionais, se ben é altamente recomendable facelas e entregalas xa que unha parte das preguntas de cada proba trimestral poderían versar sobre ditas actividades.

** CÁLCULO da NOTA FINAL **

A nota final calcularase respectando os pesos relativos do apartado 3 desta PD. É dicir:

NotaFinal = (20% da Nota 1T) + (45% da Nota 2T) + (35% da Nota 3T)

Se unha alumna non superase (menos de 5 sobre 10) un dos 3 trimestres, terá unha nota final de 4 ou menos nese trimestre e deberá acudir á proba presencial final para volver a avaliarse exclusivamente dese trimestre (ver máis abaixo apartado QUEN DEBE ACUDIR Á PROBA PRESENCIAL FINAL).

** PROBA PRESENCIAL FINAL **

A proba presencial final diseñárase de tal xeito que respecte os pesos relativos de cada UD do apartado 3 da PD, de xeito transparente para o alumnado.

** QUEN DEBE ACUDIR Á PROBA PRESENCIAL FINAL **

ACLARACIÓN PREVIA: non presentarse a unha ou varias avaliacións trimestrais equivale a non superar dita avaliación.

- Calquera alumna que non superase (menos de 5 sobre 10) algunha das avaliacións trimestrais. Neste caso só deberá avaliarse dos trimestres non superados.
- Calquera alumna coas 3 avaliacións non superadas (menos de 5 sobre 10 nas tres avaliacións). Neste caso deberá avaliarse do módulo completo.

** SOBRE os DECIMAIS e os REDONDEOS NA NOTA FINAL (e trimestral) **

1. Para calcular a nota final colleráse a nota de cada trimestre SEN REDONDEAR (con decimais).
2. A continuación calcularáse a nota (con decimais) seguindo a fórmula que figura máis arriba (en CÁLCULO da NOTA FINAL).
3. A nota final será redondeada polo seguinte criterio:
 - (a) Ata un $x,59$ será redondeada a x . Por exemplo, un $4,59$ será redondeado a 4 e un $7,59$ será redondeado a 7.
 - (b) A partir de un $x,60$ será redondeada a $(x+1)$. Por exemplo, un $4,60$ será redondeado a 5 e un $7,60$ será redondeado a 8.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao finalizar a terceira avaliación, o alumnado que non superase algunha das avaliacións trimestrais ao longo do curso poderá realizar actividades de recuperación ata a data da proba presencial final. Durante ese período, o alumnado:

1. Terá abertas na plataforma a distancia as unidades didácticas relevantes para a parte que debe recuperar.
2. Terá abertos os foros específicos onde poderán facer preguntas a través da mensaxería tanto ao profesorado coma a outras compañeiras.
3. Disporá das horas asignadas a titorías, coas mesmas normas que durante o resto do curso, para a resolución de dúbidas.
4. Poderá facer as tarefas que non fixo durante o curso ou repetir aquelas que sexan relevantes para a parte que debe recuperar. A realización destas tarefas é voluntaria e non influirá na nota do curso, están pensadas para que o alumnado coñeza mellor como debe realizar unhas actividades semellantes ás que podería atopar na proba presencial final.

5. Poderá facer ou repetir os cuestionarios de auto-avaliación das unidades didácticas relevantes para a parte que debe recuperar.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Por tratarse do réxime de persoas adultas na modalidade a distancia (no que a asistencia ás titorías colectivas non é obrigatoria) non se producirán perdas de dereito á avaliación continua.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

** SEGUIMIENTO da PROGRAMACIÓN **

Realizarase mediante a plataforma web de programación proporcionada pola Consellería de Educación (<https://www.edu.xunta.es/programacions>) prestando especial atención ao grao de cumprimento (e a unha posible xustificación razoada ante desviacións severas).

En reunión de departamento poderase revisar o cumprimento da programación e poderase corrixir o que se estime oportuno incluíndo:

- A secuenciación/temporalización de actividades.
- A substitución dunhas actividades por outras máis adecuadas.

** AVALIACIÓN da PRÁCTICA DOCENTE **

Avaliarase tendo en conta a interacción co alumnado e os resultados obtidos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

1. Presentación do alumnado no foro do curso, ou preferiblemente no foro de titoría, que facilite información no tocante a:

- Formación previa.
- Intereses e motivacións.
- Pronome desexado acorde ao xénero sentido.
- Recursos dispoñibles.
- Experiencias previas.

2. Realización dunha sesión de avaliación inicial (preceptiva e adiada para a primeira quincena de outubro) conxunta co equipo docente na que:

- Se analice a información proporcionada polo alumnado.
- Se valore a necesidade de elaboración dun informe de orientación coa adopción de medidas especiais para o alumnado que así o precise.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Coa denominación de necesidades educativas específicas préstase especial atención ao alumnado estranxeiro, de capacidades especiais e con necesidades educativas especiais, ben pola presenza dunha ou varias discapacidades ou por outros factores.

Terase en conta que a lexislación vixente indica explícitamente que a metodoloxía (flexible, adaptada as circunstancias persoais e favorecedora da autoaprendizaxe) a utilizar ha de ser acorde ás circunstancias persoais do alumnado que asiste ao réxime de adultos. Este alumnado podería recibir explicacións máis polo miúdo nas titorías telemáticas/individuais se así o demandaran.

O Departamento de Orientación detectará, identificará e valorará as necesidades educativas especiais, e deseñará e coordinará os plans de apoio (en contacto coas profesoras titoras) para atender á diversidade do alumnado do centro..

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O carácter a distancia do ciclo e a "telematicidade" das titorías dificulta a programación da educación en valores.

Durante o curso, nos foros de novas da titoría recordarase ao alumnado as conmemoracións e actividades que se organicen no IES San Clemente relacionadas con:

- 20 de novembro: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 20 de novembro e 8 de decembro: Conmemoración Estatuto de autonomía de Galicia e da Constitución.
- 3 de decembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller Traballadora.
- 15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- 31 de marzo: Día Internacional da Visibilidade Trans.
- Semana da Prensa.
- 7 de abril: Día Mundial da Saúde.
- Semana do Libro.
- 2 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio: Día de Europa.
- Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O carácter a distancia do ciclo (alumnado con obrigas laborais, con obrigas e cargas familiares e de localidades afastadas) non se realizarán actividades complementarias e extraescolares, agás as das Titorías Colectivas Presenciais (non obrigatorias).

10. Outros apartados

10.1) Continxencias COVID-19

Comezamos o curso 2023/2024 sen ningunha tipo de restrición debida á COVID-19.

10.2) Presencialidade das Titorías Colectivas

Foi aprobado polo centro que o alumnado que queira acudir de forma presencial ás Titorías Colectivas deberá solicitalo ao profesorado, non podendo vir ao centro sen ter avisado antes.

10.3) Normas sanitarias e de convivencia na aula

Todo o alumnado deberá cumprir a normativa do réxime interno do centro educativo. Os que incumpran estas normas serán invitarados a cumprilas ou no seu defecto a abandonar a aula.

10.4) Requisitos e normas para a realización das probas parciais e/ou proba final global de xeito presencial

Para poderse presentar a estas probas de xeito presencial o alumnado debará:

1. Ter sacado o ticket correspondente (normativa do aprobada polo centro).
2. Acreditar a súa identidade a través do documento de identidade vixente (non caducado) ou con validez administrativa equivalente (carnet de conducir, pasaporte).